

ACTA DE LA MESA DE CONTRATACIÓN

Data e hora de celebración

2 de agosto de 2019 ás 09:00

Lugar de celebración

Salón de sesións da Casa do Concello

Asistentes

PRESIDENTE

D. Emilio Riobó Piñón, Concelleiro

SECRETARIA

Dña. Olga Galdo López, Funcionaria

VOGAIS

D. Jose Antonio Meizoso Paz, Secretario-Interventor

D. Jesús Franco Rodríguez, Funcionario

Non asiste Dna. Josefina Fernández Ferreira por atoparse en período de vacacións.

Orde do día

- 1.- Aprobación de acta: MC_16-07-2019_AGADER - Aprobación da acta da sesión anterior
- 2.- Aprobación de acta: MC_16-07-2019_POS - Aprobación da acta da sesión anterior
- 3.- Xustificación de Oferta Anormalmente Baixa: 165/2019 - Mellora de beirarrúas e iluminación pública nas Neves: PK 9.610 a PK 9.850
- 4.- Proposta adxudicación: 165/2019 - Mellora de beirarrúas e iluminación pública nas Neves: PK 9.610 a PK 9.850
- 5.- Requirimento de documentación á proposta mellor valorada: 165/2019 - Mellora de beirarrúas e iluminación pública nas Neves: PK 9.610 a PK 9.850
- 6.- Proposta adxudicación: 191/2019 - Mellora dos camiños municipais de Sande, Xasén e Corveira
- 7.- Requirimento de documentación á proposta mellor valorada: 191/2019 - Mellora dos camiños municipais de Sande, Xasén e Corveira

Exponse

1.- Aprobación de acta: MC_16-07-2019_AGADER - Aprobación da acta da sesión anterior

Os membros da mesa asistentes á sesión acordan, por unanimidade, aprobar o borrador da acta correspondente á sesión: MC_16-07-2019_AGADER



2.- Aprobación de acta: MC_16-07-2019_POS - Aprobación da acta da sesión anterior

Os membros da mesa asistentes á sesión acordan, por unanimidade, aprobar o borrador da acta correspondente á sesión: MC_16-07-2019_POS

3.- Xustificación de Oferta Anormalmente Baixa: 165/2019 - Mellora de beirarrúas e iluminación pública nas Neves: PK 9.610 a PK 9.850

En data 17 de xullo de 2019, a mesa requiriulle á empresa Construcciones Canosa, S. A. a documentación xustificativa da oferta anormalmente baixa presentada na licitación de referencia.

En data 24 de xullo de 2019 a empresa presentou, na Sede electrónica do Concello da Capela a mencionada documentación, que lle foi remitida aos Servizos Técnicos Municipais para a súa valoración e informe.

Os Servizos Técnicos Municipais emitiron o preceptivo informe en data 30 de xullo de 2019.

Á vista do informe elaborado polos Servizos Técnicos Municipais sobre a documentación presenta pola empresa Construcciones Canosa, S. L., para xustificar a oferta incurso en baixa temeraria, e cuxa conclusión copiada literalmente dí *“estímase, a xuízo do arquitecto municipal, como NON XUSTIFICADA A BAIXA CON VALOR ANORMAL presentada pola empresa CONSTRUCCIONES CANOSA, S. L.”*; os membros da mesa asistentes á sesión acordan, por unanimidade, rexeitar a mencionada xustificación.

4.- Proposta de adxudicación: 165/2019 - Mellora de beirarrúas e iluminación pública nas Neves: PK 9.610 a PK 9.850

Tendo en conta as puntuacións obtidas polas empresas que tomaron parte na licitación de referencia, a empresa cunha maior puntuación e non incurso en baixa temeraria é a presentada pola empresa **Construcciones Siber Ordes, S. L.**, polo importe de **68.244,00 €** IVE incluído; polo que os membros da mesa, por unanimidade, acordan formular proposta no seu favor ao órgano competente para a contratación, o Alcalde-Presidente.

5.- Requirimento de documentación á proposta mellor valorada: 165/2019 - Mellora de beirarrúas e iluminación pública nas Neves: PK 9.610 a PK 9.850

Os membros da mesa, por unanimidade, e para dar cumprimento ao establecido na cláusula 16 do PCAP que rexe a licitación e contratación de referencia, acordan requirirille á empresa **Construcciones Siber Ordes, S. L.**, que no prazo de 7 días hábiles, a contar dende o día seguinte á recepción do requirimento, presente a documentación á que fai referencia a mencionada cláusula, previa á adxudicación do contrato.



6.- Nova proposta de adxudicación: 191/2019 - Mellora dos camiños municipais de Sande, Xasén e Corveira

Dado que a empresa á que lle foi adxudicado inicialmente o contrato de referencia, **Construcciones Saavedra y López, S. L.**, non presentou a documentación previa á adxudicación definitiva unha vez rematado o prazo establecido para o efecto, a mesa acorda excluíla e formular unha nova proposta de adxudicación ao órgano competente para a contratación, o Alcalde-Presidente, en favor da empresa que acadou a seguinte puntuación, **José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.:**

Lote 1 (Anualidade 2019): Mellora do camiño de Sande, por importe de 19.276,55 €

Lote 2 (Anualidade 2020): Mellora dos camiños de Xasén e Corveira, por importe de 19.276,55 €

7.- Requirimento de documentación á proposta mellor valorada: 191/2019 - Mellora dos camiños municipais de Sande, Xasén e Corveira

Os membros da mesa, por unanimidade, e para dar cumprimento ao establecido na cláusula 16 do PCAP que rexe a licitación e contratación de referencia, acordan requirirle á empresa **José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.**, que no prazo de 7 días hábiles, a contar dende o día seguinte á recepción do requirimento, presente a documentación á que fai referencia a mencionada cláusula para cada un dos lotes, previa á adxudicación do contrato.

Eu, como secretaria, certifico co visto bo do Presidente:

Olga Galdo López
Secretaria

Emilio Riobó Piñón
Presidente

